

Visto o expediente número 72/2012 de contratación polo procedemento negociado sen publicidade por razón da contía, e tramitación ordinaria, do suministro denominado: “suministro e instalación de carpintería exterior de PVC para el albergue xuvenil de Cabana de Bergantiños”

Visto que con data de 12 de marzo de 2012 , por parte do órgano de contratación procedeuse a dar apertura aos sobres A de documentación administrativa e con data 15 de marzo de 2012 o sobre B de oferta económica, prazo de execución e prazo de garantía.

Visto que das tres empresas invitadas a participar no citado procedemento: HIJOS GR CARPINTERIA 2001, S.L., SILMAPLAST,S.L. e MANUEL AGULLEIRO BAAMIL só presentou oferta a empresa HIJOS GR CARPINTERIA 2001, S.L.

Visto que a oferta de HIJOS GR CARPINTERIA 2001, S.L. cumpre as condicións recollidas nos pregos.

De conformidade co previsto na cláusula 15 dos pregos de cláusulas administrativas que rexen a presente contratación, pola presente RESOLVO:

PRIMEIRO: Declarar como mellor oferta e propoñer a adxudicación do contrato denominado: “suministro e instalación de carpintería exterior de PVC para el albergue xuvenil de Cabana de Bergantiños” á oferta presentada por HIJOS GR CARPINTERIA 2001, S.L con C.I.F nº B70297247 e domicilio social no Polígono Industrial O Allo,151500 Zas, por un importe total de 28.343,58 € (24.019,98 euros máis 4.323,60 de IVE) e tendo en conta as seguintes consideracións:

- o suministro deberá iniciarse no prazo máximo de 10 días dende a firma do contrato.
- o prazo de execución será de 15 días naturais dende a firma do contrato que é o prazo ofertado polo licitador.
- o prazo de garantía será de 24 meses a contar dende a data de recepción ou conformidade do suministro.

SEGUNDO: Requiritr á empresa adxudicataria para que no prazo máximo de 10 días hábiles a partir da recepción da presente resolución, presente a documentación xustificativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e de seguridade social, no caso de no ter sido xa presentadas, no Concello de Cabana de Bergantiños de conformidade coa clausula 17 dos pregos de cláusulas administrativas e xustifique a constitución en favor da entidade dunha garantía definitiva á que se refire o artigo 95 do RD Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, TRLCSP, polo importe equivalente ao 5% do importe da adxudicación, excluído o IVE (1.201,00 Euros).

TERCEIRO: Proceder a notificar a presente resolución a tódolos licitadores presentados, así como proceder á publicación de extracto da mesma no perfil do contratante do Concello de Cabana de Bergantiños (www.concello-cabana.com).